




XVII XORNADAS DAS MULLERES



ORGANIZA:

Solicitada a homologación por 8 horas lectivas.
Matrícula gratuita.
A inscrición realizárase a través da web da as-pg:
www.as-pg.gal ou da CIG-Ensino: www.cig-ensino.gal
no apartado de Formación.
O número de prazas é limitado e cubrirase por
rigorosa orde de inscrición tendo en conta que
hai unha reserva máxima dun 30% para aquelas
persoas que nunca traballasen como docentes
para a Consellería de Educación.



XVII XORNADAS DAS MULLERES

SÁBADO 7 DE MARZO DE 2020

IES AS FONTIÑAS
RÚA ESTOCOLMO, 5. SANTIAGO DE COMPOSTELA

ORGANIZA:



Confederación Intersectorial Galega
ENSINO

XVII XORNADAS DAS MULLERES

9:30_10:00 h.

Recepción e entrega de material.

10:00_11:00 h.

Deconstruíndo masculinidades a través da educación.

Jorge García Marín, profesor de Socioloxía da educación e socioloxía dos roles de xénero da USC.

Sen dúbida vivimos nun período de grandes cambios nas identidades de xénero grazas ás diferentes ondas do feminismo. No entanto, moitas masculinidades continúan vivindo na súa melancolía patriarcal sen decatarse dos novos tempos. Aquí aparece a necesidade de apostar pola educación como institución básica para avanzar cara á igualdade, e nesta tarefa convén poñer o foco nas masculinidades. Que pode facer o sistema educativo? É posible cambiar as regras de xogo?

11:00_12:00 h.

Procedemento de detección, instrución e axuízamento dos delitos sexuais.

Ana López Suevos, maxistrada.

1- Análise da realidade do aumento do número de delitos sexuais que se cometen, a súa nova tipoloxía así como o novidoso perfil do autor.

2- Análise crítica da atención e trato que reciben as vítimas por parte do sistema policial e xudicial.

3- Necesidade dun protocolo de coordinación da actuación dos diferentes implicados na resolución destes delitos nas súas diversas fases (centros de ensino e formación, traballadores/as sociais, forzas e corpos de seguridade, xuíces/as, fiscais, avogados/as, centros sanitarios, forenses...) co fin de reducir a vitimización secundaria e aumentar a eficacia da investigación.

12:00_14:00 h.

Pensar o amor no século XXI.

Chis Oliveira, catedrática de filosofía, experta en educación emocional-sexual na adolescencia e Amada Traba, profesora de Socioloxía da Educación na Universidade de Vigo.

Reflexión sobre as relacións amorosas e a aprendizaxe do amor; homes e mulleres apréndeno e víveno de xeito diferente. Na nosa sociedade o amor é unha construción social patriarcal e un feito político, e non só unha experiencia íntima e persoal. Os cambios profundos que se están a vivir interpélanos sobre moitas cuestións relacionadas co amor e a sexualidade, como a obriga do coidado asignada ás mulleres e a súa relación coa economía ou a necesidade de deconstruír a feminidade tradicional e a masculinidade hexemónica.

16:00_17:30 h.

A igualdade dende a lectura.

Gracia Santorum, ensinante e autora do blog Trafegando Ronseis.

No IES Laxeiro tentamos que a coeducación sexa un logro e para iso empregamos diferentes métodos, entre as cales destaca a lectura. De aí que a nosa biblioteca teña un lugar para os títulos de igualdade no "Vestíbulo da Igualdade" con mil títulos aproximadamente. Asemade, realizamos moitas actividades que se desenvolven ao longo de todo o curso académico dirixidas a todos os niveis do centro.

17:30_19:00 h.

O currículo atravesado polo feminismo.

Leonor Gala Torres Sabín, ensinante, coordinadora de Igualdade e Diversidade.

Experiencias no IES Johan Carballeira. Creamos un centro que aposte pola coeducación é un labor arduo, xa que esixe cambios a nivel de organización, das metodoloxías empregadas e do tratamento dos contidos, mais de facermos ben este traballo, aseguraremos un cambio de perspectiva na visión do noso alumnado, para construímos un mundo máis xusto e igualitario.

19:00_20:00 h. Actuación.

O BENQUERER (SE) DE ALDAOLADO